



## Concello de Vigo

DON FRANCISCO JAVIER GARCIA MARTINEZ, SECRETARIO XERAL ADXUNTO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 1999, adoptou o seguinte acordo:

### 15.- APROBACIÓNS DEFINITIVAS:

- b) Modificación da ampliación do catálogo do PEEC, cuarteirón núm. 95, e incorporación de edificio sito en Gran Vía, 50 e Bolivia, 17.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xaneiro de 1999, o xefe de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo informa o que segue:

“O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o día 10 de xullo de 1.998, aprobou inicialmente o presente expediente. Sometido a información pública en forma regulamentaria, non se presentou ningún escrito de alegacións.

Interesado informe da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, emítese o día 16 de outubro de 1998 sendo este favorable respecto á ampliación do catálogo e formulando as seguintes observacións respecto á modificación do fondo edificable do cuarteirón nº 95 do PEEC:

1. Falta do preceptivo informe da Comisión de Seguemento do PEEC referido á ampliación do fondo máximo edificable, informe que valorará a procedencia da reordenación proposta, toda vez que as razóns aducidas non semellan válidas ó se-la consolidación actual tal que imposibilita a regularización pretendida, manténdose medianeiras vistas e edificacións fóra de ordenación.
2. Invoca-lo artigo 3.4.1.b) do PXOU vixente como xustificación da modificación é improcedente, por canto fixa uns criterios para casos de ausencia das correspondentes previsións no planeamento xeral ou no secundario, que non é o caso.
3. Procede a incorporación ó expediente da documentación correspondente ó estudio de detalle, para axuste das aliñacións e rasantes e a ordenación de volumes nos cuarteiróns nº. 66, 67, 95 e 96 do PEEC, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión do 31 de agosto de 1984.
4. Deberá concretarse o número de orde do edificio da rúa Gran Vía, esquina Bolivia, que se inclúe no catálogo, se é o nº. 44 ou o 50.

Por tales razonamentos, emiten informe desfavorable e unha vez subsanadas as deficiencias deberá volver a realizarse o trámite preceptivo do artigo 42.5 da LSG.

Sometido o informe da Administración Autonómica a dictame da Comisión do PEEC, esta en sesión do 23 de novembro de 1998, dictamina favorablemente o expediente de modificación puntual do PEEC

Interesado informe técnico complementario respecto ás observacións de tal carácter contidas no informe da CPTOPV aclarando que:



SECRETARÍA XERAL DE PLANEAMENTO

- a) O artigo 8.1.c) das normas urbanísticas do PEEC define o concepto de aproveitamento público no interior do cuarteirón, especificando en que cuarteiróns se establecen aliñacións interiores, non constando o cuarteirón 95 entre eles.
- b) O estudio de detalle dos cuarteiróns 66, 67, 95 e 96 do PEEC., recoñecía que o cuarteirón 95 carecía de aproveitamento público interior, non obstante, en contra do artigo 8.i) se definían aliñacións interiores, quedando varias edificacións fóra de ordenación sen xustificar.
- c) O estudio de detalle que se modifica pretende, dalgunha maneira, mante-lo menor número de edificios fóra de ordenación, evitando medianeiras ó descuberto coa ampliación da aliñación interior (nº. 20 e 22 da r/México), ordenando o edificio do nº. 22-24 da r/México, mantendo un patio de cuarteirón no que é inscribible o círculo de 15 ms. a que obriga o Decreto de habitabilidade da Xunta de Galicia.

Dende o punto de vista estrictamente xurídico, se realizan as seguintes observacións ó informe da Consellería:

- I. A Comisión de Seguemento non ten entre as súas competencias a emisión de informe preceptivo ningún na tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico, pero é mais, o presente expediente tramítase en virtude do acordo adoptado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de febreiro de 1998, a proposta, precisamente, da Comisión de Seguemento do PEEC, tal e como consta no folio 2 do expediente de trámites administrativos, co cal a disfunción ou desviación observada é inexistente.
- II. A invocación do artigo 3.4.1.b) do Plan Xeral que se fai no expediente (Memoria) non é como fundamento legal da tramitación, senón so como referencia para xustificar que no solo se cumpre coas determinacións do Plan Especial senón tamén cos criterios establecidos no propio Plan Xeral do cal a aprobación é posterior, para fixa-las aliñacións interiores nos patios de cuarteiróns cando non estean definidos no planeamento. En consecuencia, tamén é inexistente a desviación ou disfunción observada.
- I. O estudio de detalle para axuste de aliñacións, rasantes e ordenación de volúmenes nos cuarteiróns nº. 66, 67, 95 e 96 do PEEC foi aprobado por acordo plenario do 31 de agosto de 1994, publicado no BOP do día 5 de outubro de 1994, non esixindo ningún precepto legal que deba incorporarse no ED aprobado no expediente a súa modificación, bastando que neste se precise claramente os termos da mesma.

Proxecto incorporáronse dous planos, no primeiro recóllense as aliñacións corresponden ó fondo edificable do proxecto, e o segundo é fiel redución do plano contido no ED que se modifica, no que constan incluso correspondentes selos de que foi aprobado inicial e definitivamente, pola cal tamén é incerta a observación manifestada no informe da Estratexión autonómica.

Calidade do expediente, respecto ás observacións apuntadas, é única e exclusivamente corrixir un erro existente na ficha do cuarteirón nº. 95 que incorporou ó Plan Especial no ano 1994 coa aprobación do estudio de detalle anteriormente reseñado na que se especificaba que os fondos correspondentes serían os resultantes dos fixados no plano e na observación se



7857  
L

## Concello de Vigo

especificaba que "O fondo de cuarteirón está consolidado polo que non é posible o seu aproveitamento", vulnerando notoriamente o artg. 8.1.c) das normas urbanísticas do Plan Especial que define "como cuarteirón sen aliñación interior e sen aproveitamento público interior a aqueles que, polas súas pequenas dimensións e o seu grao de colmatación non é posible establecer neles aproveitamento público interior nin fondo máximo edificable..."

O técnico que subscribe, entende que o informe da administración autonómica excede con moito, da competencia que lle outorga o art 42 da Lei 1/1.997 de 24 de marzo do Solo de Galicia, xa que o mesmo, ademáis de ser motivado, examinará o cumprimento da legalidade e valorará o tratamento dos intereses supralocais afectados co alcance definido pola xurisprudencia do Tribunal Supremo (exposición de motivos e art. 42 LSG) que non é outro que o contido na STS de 25-X-95, entre moitas outras, polo que se desestima un recurso interposto pola CPTOPV contra a sentenza do TSXG de 5-VI-92 que estimaba as pretensións do Concello de Ferrol, na que se aclara que a intervención da Administración Autonómica, se estende ós aspecto regrados do expediente, evitando a vulneración da existencia da interdicción da arbitrariedade, non sendo admisibles revisións de pura oportunidade, como é o contido do informe previo á aprobación definitiva, que por certo carece de calquera motivación.

Así mesmo, non está de máis recordar que os Concellos de cidades de máis de 50.000 habitantes posúen dende a entrada en vigor do RD Lei 16/81 de 15 de outubro, competencia propia para a aprobación dos planes especiais que desenvolvan o Plan Xeral, sendo incluso o informe da administración autonómica non vinculante, conforme establecía o seu artigo 5 e, incluso, se podería admitir, respecto á modificación do fondo edificable, a nova modificación do ED para a cal non é necesario informe ningún da Administración Autonómica, non así respecto á inclusión da edificación no catálogo do PEEC por esixilo a Lei 1/1997 de 24 de marzo do solo de Galicia en concreta interpretación dos seus artigos 26 e 32 ó esixila a aprobación simultánea do Plan Especial e do Catálogo que se inclúa naquel.

O expediente cumpre con tódalas as determinacións esixibles pola lexislación urbanística vixente, polo que non existe impedimento legal ningún, para outorgarlle a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por se tratar dunha competencia propia do Consello e non dunha competencia delegada, a aprobación do expediente de modificación dun Plan Especial (art. 45.2 da LSG)."

Visto o anterior, o xefe de Planeamento e Xestión emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 15 de xaneiro de 1999, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

O Secretario Xeral Adxunto, con data 18 de xaneiro de 1999, informa favorablemente a aprobación definitiva do expediente.

VOTACION E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual do cuarteirón nº 95 do PEEC no seus fondos edificables e a incorporación do edificio sito na rúa Gran Vía (nº 44) esquina rúa Bolivia (nº 17) propiedade de don Jesús Carballeda Camba, proxectado polo arquitecto D. Manuel Gómez Román no ano 1953, conforme á documentación elaborada polo arquitecto dDon Alberto Abia Alonso que serviu de base á súa aprobación inicial.

Segundo.- Proceder á notificación e publicación do presente acordo no DOG e BOP, dando traslado dunha copia autenticada do expediente administrativo completo e de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, debidamente dilixenciados, ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no art. 48 da 1/1997 de 24 de marzo do solo de Galicia

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a un de febreiro de mil novecentos noventa e nove.

Vº e Praxe  
ALCALDE,

